

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
CIFP DEL SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Plan de igualdad

CIFP IMAXE e SON

Curso 2019-2020



Composición da Comisión de Igualdade

| Composición | Nome e apelidos | Posto |
|--|-----------------------------|--|
| Presidente/a | Xullo Xermade Barros | Director/a |
| Representante do departamento de Información e Orientación Profesional | Alfonso Villares Barro | Xefe de departamento de Orientación |
| Representante do departamento de Formación e Orientación Laboral | Juán Manuel Vales Rodríguez | Xefe de departamento de Formación e Orientación Laboral |
| Representante do alumnado | Laura Alvite Torres | Delegada 2º curso do CS Iluminación, captación e tratamento de imaxe. Réxime ordinario |

Data de constitución: 13 novembro de 2019

1 Contexto normativo

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece como principio da educación, no seu artigo 1, “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que que o sistema educativo se orientará a consecución de determinados fins, nos que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia determina no seu artigo 3.2 que a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu Capítulo II recolle que o plan de convivencia dos centros educativos integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece no artigo 17, apartado d) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopan infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopan infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos.



O Decreto 77/2011 do 7 de abril polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional recolle no seu artigo 43.3 apartado m) que no proxecto funcional de centro integrado incluírase calquera outro proxecto ou plan que o centro integrado pretenda desenvolver. Principios fundamentais

2 Principios fundamentais

Os principios fundamentais son os recollidos no VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 que se perfila como o instrumento marco para reducir as brechas de xénero existentes nos distintos ámbitos, e avanzar na consecución da igualdade efectiva de mulleres e homes tendo en conta o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

O compromiso da Xunta de Galicia co Pacto de Estado contra a violencia de xénero desenvólvese a través de acordos de colaboración para por en marcha actuacións específicas en eidos como o da educación, entre outros. Neste senso, o acordo de colaboración entre Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asinado con data 22 de febreiro de 2019, establece entre a súas medidas a mellora de plans de igualdade nos CIFPs. Esta acción específica dirixida aos Centros Integrados de Formación Profesional ven a reforzar a percepción dos mesmos como expoñentes da Formación Profesional en Galicia.

3 Análise da situación do centro

3.1. Análise xeral da situación de partida

Este plan de igualdade basearase nas seguintes directrices:

Nos principios dos valores democráticos de igualdade, liberdade e xustiza que garanta a defensa dos dereitos humanos e a coeducación como modelo pedagóxico.

Na inclusión aplicando a perspectiva de xénero e evitando situacións de discriminación por razón de sexo, identidade de xénero ou orientación sexual de calquera membro da comunidade educativa.

Na Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na que teñan as mesmas oportunidades profesionais e persoal.

Na visibilidade transmitindo unha formación libre de estereotipos independentemente do xénero das persoas

No CIFP Imaxe e Son nunca se dou o caso de ter que efectuar a activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero. Este condicionante leva consigo que tampoco existe un diagnóstico previo da violencia machista no centro e da situación da igualdade en xeral.

Aínda así, de xeito xenérico, realízanse no centro cuestións organizativas relacionadas coa igualdade como:

Relaciónanse obxectivos coeducativos nos diferentes plans do centro.

Procúrase sensibilizar e informar dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa.

Proporcionase unha formación e unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.

Realízanse actividades formativas de carácter práctico e grupal entre o alumnado onde teñen que desenrolar producións audiovisuais coa liberdade para tratar os temas da igualdade ou discriminación entre mulleres e homes, a violencia de xénero, educación afectivo-sexual, abuso sexual, LGBTIfobia, ...

Ofértase ao profesorado a posibilidade de participación en plans de formación permanente do profesorado onde se traballe dende a perspectiva de xénero etc.

3.2. Contextualización

No Plan de acción tutorial do CIFP xa figuran obxectivos coeducativos concretos e accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia.

Nas normas de organización, funcionamento e convivencia téñense en conta a prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación.

Noméase unha unha persoa responsable en materia de igualdade no centro, que traballará coordinada coa comisión de igualdade do CIFP. A persoa responsable é



José Francisco Barba Escribá. Xefe da Área de Formación e Xefe de estudos.

Cuestións internas

| Fortalezas | Debilidades |
|---|---|
| Non se detectan fendas de xénero na comunidade educativa | A representación nos órganos do centro está marcada polas normas, pode non ser igualitaria. |
| Non se detectou ningunha discriminación | A empresa que acolle á FCT e Dual pode discriminar por sexo. |
| Espacios comúns entre homes e mulleres, sen diferencias por sexos | |

Cuestións externas

| Oportunidades | Ameazas |
|--|---|
| Matriculación sen diferencias entre sexos. | Na formación a distancia, co uso da plataforma Platega, detectáronse enlaces que dirixían a contidos de violencia de xénero |
| Todo o alumnado é maior de idade. | |

Apartados 4, 5, 6 e 7

4.- Obxectivos xerais do Plan

- 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
- 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

5.- Medidas concretas de actuación:

Na organización do centro:

- favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Social para participar no impulso do Plan de igualdade.
- difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade.
- promover a formación do profesorado, do alumnado e do profesionais en materia de igualdade.
- empregar unha linguaxe igualitaria e non discriminatoria na actividade do centro.
- colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos.
- promover pautas de actualización curricular con perspectiva de xénero.

Na eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dossaberes:

- revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero

- revisar o material didáctico empregado na aula e nas producións audiovisuais (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- realizar actividades de información e sensibilización no centro, con outros centros e o entorno audiovisua.

Na xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- difundir información a través das redes sociais, da web e os taboleiros do centro.
- promover visionados de obras audiovisuais coeducativas a través da biblioteca escolar.
- revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
- promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais.

Na inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

Desenvolvemento das actuacións

| 1ª Actuación | Obxectivo/s | Actividades | Responsables. Coordinación e participantes | Orzamento / Recursos | Medición / Indicador | Cronograma das actuacións |
|---|---|--|---|---|--|---|
| Actuación 1 Concurso fotográfico coa igualdade como tema | Concienciar directamente ao alumnado participante no concurso fotográfico Visibilizar a igualdade empregando a imaxe como ferramenta Difundir a igualdade coa publicación de libro de fotografías | <ul style="list-style-type: none"> Actividade 1.1 Concurso fotográfico entre todo o alumnado de diferentes centros da familia profesional de imaxe e son coa temática da igualdade. Premios sen clasificación de importancia Actividade 1.2: Publicación dun libro de fotografías seleccionadas | <p>Dirixido a todo o alumnado de cetros públicos de Galicia que estean cursando algún ciclo da familia profesional de imaxe e son.</p> <p>Dirixido a todo o alumnado de centros públicos galegos que cursen módulos de fotografía nas Ensinanzas Artísticas.</p> <p>Responsables de coordinación A Comisión de igualdade do CIFP Imaxe e Son ou as persoas expertas en fotografía nas que deleguen para a organización do certame e a constitución dun xurado</p> | <p>1.1 Premios en material fotográfico-audiovisual: 500€</p> <p>1.2: Publicación de libro 400 exemplares: 2500€</p> | <p>1.1 Concurso fallado e obras seleccionadas por un xurado</p> <p>1.2 Libro publicado e distribuído entre alumnado, centros educativos e institucións culturais</p> | <p>1.1 concurso convocado e fallado en decembro 2019.</p> <p>1.2 Publicación contratada en decembro 2019. Distribución publicación en 1º trimestre 2020</p> |
| Actuación 2 Concurso de eslogans sobre a igualdade | Concienciar ao alumnado do centro facendoo partícipe da campaña Difundir o concepto de igualdade Proporcionar a idea a difundir noutras actividades | <ul style="list-style-type: none"> Actividade 2.1: Concurso de eslogans referidos á igualdade Actividade 2.2: Posibilidade de máis de unha frase seleccionada e premiada. Ideal 2 ou 3. Sen clasificación de primeiro, segundo.... Actividade 2.3: Premios en material audiovisual e a difusión do eslogan na actuacións 3 | <p>Responsables: Comisión de igualdade ou persoa da comunidade educativa na que se delegue</p> <p>Dirixida a: todo o alumnado dos Ciclos Superiores do centro. O alumnado é maior de idade.</p> | <p>Premio ou premios valorados entre 300€ a 500 €</p> | <p>Frase ou eslogan seleccionado/s para campaña de divulgación.</p> | <p>Decembro 2019</p> |
| Actuación 3 Campaña de concienciación | Difusión dos eslogans de igualdade Concienciación perdurable no tempo | <ul style="list-style-type: none"> Actividade 3.1: Difusión Interna no Centro. Impresión de alfombríñas para rato co eslogan ou eslógenes premiados da actuación 2. Así a difusión perdura durante anos e varias promocións de alumnado. Actividade 3.2. Difusión externa ao centro. Estampación na camiseta da Escola de Imaxe e Son (estas camisetas contan con gran demanda e aceptación social) do eslogan ou eslógenes premiados na actuación 2. Así a difusión será externa ao centro e de repercusión durante | <p>Responsables: Comisión de igualdade ou persoa da comunidade educativa na que se delegue</p> <p>Actividade 3.1: Tódolos ordenadores do centro (400) coa súa alfombríña de igualdade</p> <p>Actividade 3.2: Tódolos alumnos do 2019 e 2020 coa súa camiseta de</p> | <p>3.1: 400 alfombríña co eslogans : 1200€</p> <p>3.2: 1000 camisetas co logo e o eslogan: 4000€</p> | <p>Alfombríñas realizadas e instaladas no centro</p> <p>Camisetas serigrafiadas e distribuídas a todo o alumnado e restantes</p> | <p>3.1: realizados e distribuídos en decembro 2019</p> <p>3.2 Confeccionadas en decembro 2019. Distribución de</p> |

1 Desenvolver cada unha das actuacións no modelo de ficha de actividades.

| | | varios anos. | igualdade | | membros da comunidade educativa | camisetas en xuño 2020 |
|--|---|--|--|--|--|--|
| Actuación 4 Concurso de guión para curta de cine | Conseguir guión a producir en actuación 5 Visibilización e concienciación da problemática relacionada con igualdade | <ul style="list-style-type: none"> Concurso de guión para ser producida unha curta profesional con temática relacionada coa visibilización dea igualdade | Dirixido a tódalas persoas en xeral. Responsables: Comisión de igualdade ou persoas expertas en comunicación audiovisual nas que deleguen | 500€ (Aqui era importante poder ofrecer un premio en metálico) | Guión seleccionado e cos dereitos de realización cedidos | Decembro 201 |
| Actuación 5 Producción de curta de cine coa temática da igualdade | Concienciar a alumnado participe na produción na igualdade profesional de xénero Realizar a curta contando con que os recursos humanos técnicos e artísticos sexan preferentemente mulleres. | <ul style="list-style-type: none"> Producción, dirección, elenco e xefas de equipo contando co profesionais de prestixio no miundo audiovisual. Procurarase que fosen ex-alumnas da Escola de Imaxe e Son. Rodaxe en formato cinematográfico Difusión e distribución pública da obr | <p>Difusión da curta en tódolos circuitos educativos e culturais de Galicia. Presentación a premios Mestre Mateo para maior difusión</p> <ul style="list-style-type: none"> Participación nos diferentes equipos de alumnas da Escola de Imaxe e Son Responsables: Comisión de igualdade ou persoas expertas en produción cinematográfica nas que deleguen | Preproducción + Producción + Montaxe + distribución: 25800 | Curta estrenada no curso 2019. 202 | Contratación de servicios e recursos para ma produción da curta en decembro 2019 Rodaxe e, montaxe e distribución: 2020 |

Apartado 8. Propostas de visibilización e difusión

Difusión das accións a realizar por varios métodos. Difusión interna no centro (taboleiros, Monitores de información, intranet, Presentación na aula...), Difusión externa (Web do centro, redes sociais, Comunicación por correo electrónico...)

Visibilización con material xerado en algunha acción, camisetas, alfonbrías...

Especial difusión da acción de curta profesional de cine. En redes sociais, Radio, TVG, Prensa...

Apartados 9 e 10

Medidas de seguimento e Avaliación

Mediante un procedemento de avaliación do funcionamento do plan a través da definición que aporten os indicadores de medida e os instrumentos de avaliación que están fixados en cada unha das fichas das actuacións a realizar, obteranse as evidencias e poderase valorar os avances coa maior obxectividade posible.L

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

Revisión e mellora do Plan e conclusións finais

Realizarse no documento “Memoria Plan de Igualdade”.

Anexos. Fichas de actuacións



CIFP Imaxe e Son

Curso: 2019/2020

| Nome da actuación | Persoas destinatarias | Persoas responsables | Número actuación |
|--|---|--|------------------|
| Concurso fotográfico coa igualdade como tema | Dirixido a todo o alumnado de cetros públicos de Galicia que estean cursando algún ciclo da familia profesional de imaxe e son. Dirixido a todo o alumnado de centros públicos galegos que cursen módulos de fotografía nas Ensinanzas Artísticas. | A Comisión de igualdade do CIFP Imaxe e Son ou as persoas expertas en fotografía nas que deleguen para a organización do certame e a constitución dun xurado | 1 |

Obxectivos

Concienciar directamente ao alumnado participante no concurso fotográfico
Visibilizar a igualdade empregando a imaxe como ferramenta
Difundir a igualdade coa publicación de libro de fotografías

Descrición das actividades

- Actividade 1.1 Concurso fotográfico entre todo o alumnado de diferentes centros galegos que cursen algún ciclo da familia profesional de imaxe e son ou asiñaturas de fotografía nas Escolas de Ensinanzas Artísticas. A temática será relacionada coa igualdade. Os Premios sen clasificación de importancia, non habendo primeiro, segundo... Poderá haber varios gañadores do concurso
- Actividade 1.2: Publicación dun libro de fotografías seleccionadas. Haberá reseña a fotografías gañadoras e os seus autores. A publicación das obras fotográficas neste libro é tamén un premio para os seus autores.

Implementación

Os premios para os autores seleccionados serán en material fotográfico-audiovisual valorado en 500€
O concurso estará convocado e fallado en decembro 2019. Entrega de premios en 2019

A Publicación do libro será darredor de 400 exemplares cun custe de 2500€
A Publicación estará contratada na imprenta en decembro 2019.

Visibilización e difusión

A Actividade terá presenza permanente na páxina web do centro
O concurso e as súas fases serán publicadas polas redes sociais dos centros participantes.
A Distribución da publicación polos centros de ensino de Galicia será durante no 1º trimestre do 2020
Distribución da publicación entre entidades de carácter cultural.

Avaliación

O concurso foi convocado e difundido nos centros de ensino partícipes
O Concurso foi fallado e as obras están seleccionadas para a súa publicación en prazo.
O Libro imprímese, publícase e é distribuído entre o alumnado dos centros de ensino.

Observacións

É unha actividade que abarca a toda Galicia.

Un concurso de fotografía convocado e avalado pola Escola de Imaxe e son ten un valor engadido.





CIFP Imaxe e Son

Curso: 2019/2020

| Nome da actuación | Persoas destinatarias | Persoas responsables | Número actuación |
|--|---|--|------------------|
| Concurso de eslóganes relacionados coa igualdade | Dirixido a todo o alumnado do cetro que cursan os ciclos superiores da familia profesional de imaxe e son. Todo o alumnado é maior de idade | A Comisión de igualdade do CIFP Imaxe e Son ou a persoa ou persoada comunidade educativa nas que deleguen para a organización do certame | 2 |

Obxectivos

Concienciar ao alumnado do centro facéndoo participe da campaña de no concurso fotográfico
Virilizar e difundir o concepto de igualdade
Proporcionar a idea a difundir noutras actividades do plan de igualdade

Descrición das actividades

- Actividade 2.1 Concurso de eslóganes relacionados ou referidos á igualdade entre todo o alumnado do CIFP Imaxe e Son
- Actividade 2.2 Premios aos mellores eslóganes. Posibilidade de máis de unha frase seleccionada e premiada. Ideal dúas ou tres frases seleccionadas, Sen clasificación de importancia, non habendo primeiro, segundo...
- Actividade 2.3: Os premios serán en material audiovisual para os gañadores. A difusión dos eslóganes seleccionados mediante as actuación número 3 deste plan de igualdade é o premio principal para os autores.

Implementación

Os premios para os autores seleccionados serán en material audiovisual valorados entre 300€ e 500€
O concurso estará convocado e fallado en decembro 2019. Entrega de premios en 2019

Visibilización e difusión

A Actividade terá presenza nas canles de información interna do centro
O concurso e as súas fases será publicado nas redes sociais do centro.
O eslogan seleccionado utilizarase nas seguintes actuacións deste plan de igualdade conseguindo unha importante difusión

Avaliación

O concurso foi convocado e difundido no centro
O Concurso foi fallado e a frase, ou frases, están seleccionadas para poder usarse na campaña de divulgación (actividade 3) do plan de igualdade.

Observacións

É unha actividade que xenera os contidos necesarios para que se poidan realizar outras actividades posteriores.



CIFP Imaxe e Son

Curso: 2019/2020

| Nome da actuación | Persoas destinatarias | Persoas responsables | Número actuación |
|--|--|--|------------------|
| Campaña de concienciación da igualdade | Actividade 3.1: Todo o alumnado do centro que emprega ordenadores (400) empregará a súa alfombríña de igualdade Actividade 3.2: Tódolos alumnos do curso 2019 e 2020 contarán coa súa camiseta de igualdade | A Comisión de igualdade do CIFP Imaxe e Son ou a persoa da comunidade educativa na que se delegue para esta acción | 3 |

Obxectivos

Concienciar perdurable no tempo entre o alumnado do centro
 Difundir o eslogan da actividade nº 2 do plan de igualdade entre a sociedade xeral por medio da publicidade nas camisetas

Descrición das actividades

- Actividade 3.1: Difusión Interna dentro do Centro. Impresión de alfombríñas para rato informático co eslogan ou eslóganos premiados da actuación nº 2. Así a difusión perdura durante varios anos e varias promocións de alumnado.
- Actividade 3.2: Difusión externa ao centro. Estampación na camiseta da Escola de Imaxe e Son (estas camisetas contan con gran demanda e aceptación social) do eslogan ou eslóganos premiados na actuación 2. Así a difusión será interna e externa ao centro e con repercusión durante varios anos.

Implementación

Os premios para os autores seleccionados serán en material audiovisual valorados entre 300€ e 500€
 O concurso estará convocado e fallado en decembro 2019. Entrega de premios en 2019
 3.1: Impresión de 400 alfombríñas co logotipo da EIS e o eslogan de igualdade realizados en decembro de 2019. Custe aproximado : 1200€
 3.2: Estampación de 1000 camisetas co logo e o eslogan en decembro de 2019 cun custe de 4000€. Distribución de camisetas entre o alumnado do CIFP en 2020

Visibilización e difusión

Visibilización do eslogan durante varios anos e varias promocións de alumnado
 Difusión externa ao centro a traveso das camisetas da Escola de Imaxe e Son.

Avaliación

Alfombríñas realizadas e instaladas nos equipos informáticos do centro
 Camisetas serigrafiadas e distribuídas entre todo o alumnado e restantes membros da comunidade educativa

Observacións

É unha campaña de visibilización do eslogan de igualdade que se arroupa co prestixio da imaxe corporativa da Escola de Imaxe e Son para conseguir unha máis ampla difusión.



CIFP Imaxe e Son

Curso: 2019/2020

| Nome da actuación | Persoas destinatarias | Persoas responsables | Número actuación |
|---|---|--|------------------|
| Concurso de guiión para curtametraxe de cine con temática de igualdade. | Tódalas persoas en xeral, sexan, ou non, alumnado do centro. Perfiles profesionais ou afeccionados á escrita de guiións. | A Comisión de igualdade do CIFP Imaxe e Son ou as persoas expertas en comunicación audiovisualda comunidade educativa na que se delegue para realizar esta actuación | 4 |

Obxectivos

Conseguir un guiión cinematográfico que se levará a produción nan actuación 5 do plan de igualdade
Visibilización e concienciación da problemática relacionada con igualdade nos participantes no concurso.

Descrición das actividades

- Concurso de guiión para ser posteriormente producida unha curta profesional con temática relacionada coa visibilización da igualdade
- Participación libre entre a sociedade galega.

Implementación

Un único premio para o autor seleccionado no concurso da actividade nº 3 do plan de igualdade valorado en 500€
O concurso estará convocado e fallado en decembro 2019. Entrega de premios en 2019
Un xurado experto valorará os guiións presentados. Preferiblemente ese xurado debería ser formado por profesionais do cinema.

Visibilización e difusión

A Actividade terá presenza permanente na páxina web do centro
O concurso e as súas fases serán publicadas polas redes sociais do centro.
O guiión seleccionado utilizarase na seguinte actuación deste plan de igualdade conseguindo unha importante difusión
O Guiión será xerme da produción de cine que difundirá a idea da igualdade na sociedade galega.

Avaliación

Guiión seleccionado para a súa produción
Dereitos do guiión cedidos á Escola de Imaxe e son para a súa realización.

Observacións

É importante a calidade e viabilidade de realización do guiión escrito para que a curta de cine posterior, e baseada nese guiión, teña a calidade esperada.



CIFP Imaxe e Son

Curso: 2019/2020

| Nome da actuación | Persoas destinatarias | Persoas responsables | Número actuación |
|---|--|---|------------------|
| Producción de curta de cine coa temática da igualdade | Directamente: A tódolo alumnado que participe nos diferentes equipos de preproducción rodaxe e postproducción da curta Indirectamente: A toda a sociedade Galega coa difusión da obra audiovisual | O responsable de igualdade do CIFP Imaxe e Son A Comisión de igualdade do CIFP Imaxe e Son ou as persoas expertas en produción cinematográfica nas que deleguen para a organización da curtametraxe. | 5 |

Obxectivos

Concienciar ao alumnado participe na produción, da igualdade de xénero no entorno profesional do audiovisual
Realizar a curtametraxe contando con que os recursos humanos técnicos e artísticos sexan preferiblemente formados por mulleres.
Obter un gran impacto social de concienciación da igualdade coa difusión da obra audiovisual.

Descrición das actividades

- Produción dunha curtametraxe cinematográfica coa temática da igualdade baseada no guión seleccionado na actividade nº 4 do plan de igualdade do CIFP Imaxe e Son
- Produción, dirección, elenco e xefaturas de equipo contando coas profesionais de recoñecido prestixio do sector audiovisual. Procurarase que esas profesionais fosen ex-alumnas da Escola de Imaxe e Son.
- Os equipos de produción, rodaxe e montaxe da obra estarán formados por alumnas da Escola de Imaxe e son.
- Rodaxe e distribución en formato cinematográfico dixital coa máxima calidade
- Difusión e distribución pública da obra nos canles de ensino público e no sector profesional. Posible emisión en TVG

Implementación

A Contratación de servizos e recursos para a produción da curta estará realizada en decembro de 2019
A Rodaxe, montaxe e distribución da obra será no 2020.
O custe da Preproducción + Producción + Montaxe + distribución será superior a 25800€.

Visibilización e difusión

A Actividade terá presenza nas canles de información do centro, nas redes sociais e nas canles profesionais do sector audiovisual galego
Difusión da curta en tódolos circuitos educativos e culturais de Galicia.
Presentación da obra aos premios Mestre Mateo do audiovisual para unha maior difusión e divulgación

Avaliación

Curta estreada no curso 2019-2020
Obra difundida e distribuída nos centros públicos de ensino no 2020
Recoñecemento da calidade da obra no sector audiovisual galego

Observacións

É un unha actividade con gran proxección na visibilización da igualdade.

Unha ourtametraxe sobre a igualdade, dirixida, producida e realizada por mulleres de recoñecido prestixio no sector profesional do cinema galego.

